



Guía para Estudiantes Erasmus

Curso 2018-19

Contido

A CARTA DO ESTUDANTE ERASMUS +	2
USO DO CORREO ELECTRÓNICO	2
DOCUMENTACIÓN PARA ENTREGAR NA ORI	3
ANTES DA PARTIDA	3
CANDO CHEGUES AO TEU DESTINO	5
AO REGRESO Á UNIVERSIDADE DE VIGO.....	6
NO CASO DE RENUNCIAR Á BOLSA	6
DOCUMENTACIÓN PARA A UNIVERSIDADE DE DESTINO	8
AXUDAS ECONÓMICAS	9
BOLSA MECD.....	9
BOLSA ERASMUS+	9
AXUDAS POR NECESIDADES ESPECIAIS	10
AXUDA COMPLEMENTARIA DA XUNTA DE GALICIA	10
OUTRAS AXUDAS COMPLEMENTARIAS	10
INFORMACIÓN DE INTERESE.....	11
ALOXAMENTO NA UNIVERSIDADE DE DESTINO	11
VIAXE	11
VISADO	11
SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA	11
PREPARACIÓN LINGÜÍSTICA.....	12
CENTRO DE LINGUAS DA UVIGO.....	12
NA UNIVERSIDADE DE DESTINO	12
OLS (Online Linguistic Support):.....	12
UTILIDADES	13

A CARTA DO ESTUDANTE ERASMUS +

<i>Documento</i>	<i>Ligazóns</i>	<i>Observacións</i>
Carta do estudante Erasmus	<u>Ligazón</u>	Neste documento destácanse os dereitos e obrigas do Estudante Erasmus+ e informa sobre o que podes esperar da túa organización de envío e de acollida en cada un dos pasos da túa mobilidade.

USO DO CORREO ELECTRÓNICO

Como sabes, solicitámosche como conta de correo electrónico de contacto a túa conta da Universidade de Vigo. Será esta a que empreguemos para dirixirnos a ti e a que daremos á universidade de destino para contacten contigo se é preciso.

Creamos unha listaxe de correos con todas as contas: erasmuspropios1819@listas.uvigo.es
É importante que comprobes que recibes os correos que enviamos a esta conta.

Se non empregas esta conta, podes redixila á que empregues con asiduidade. Basta entrar no correo a través da web e meter os datos da conta á que redirixir as mensaxes. Pincha en Reenviar desactiva como ves na imaxe, indica o enderezo e garda e activa

Correo

Buzón	Sin leer	Total
Entrada	1 (1 nuevo)	788
Spam	24 (24 nuevos)	24

Filtros

- Lista blanca activa
- Ausencia activa
- Lista negra activa
- Filtro de Spam activa
- Reenviar desactivada:
ori5@uvigo.es

Búsqueda de contactos

Buscar:

DOCUMENTACIÓN PARA ENTREGAR NA ORI

ANTES DA PARTIDA

<i>Documento</i>	<i>Ligazóns</i>	<i>Prazo de entrega</i>	<i>Observacións</i>
Carta de aceptación	<i>Ligazón</i>	10 días hábiles dende a publicación da resolución definitiva de seleccionados/as	Non a completes a man e non esquezas asinala
Ficha persoal de perceptores de pagamentos	<i>Ligazón</i>	10 días hábiles dende a publicación da resolución definitiva de seleccionados/as	<p>Escribe claramente os números.</p> <p><u>Debes ser titular da conta</u></p> <p>Debe estar asinado e selado pola entidade bancaria</p>
Autorización de uso de datos persoais	<i>Ligazón</i>	Documento <u>non obrigatorio</u>	Non é obrigatorio, pero agradecemos a túa colaboración para poder axudar a futuros/as Erasmus+
Convenio de subvención	Recibirás dous orixinais (os do 1º cuadrimestre en xullo) por correo electrónico	<p>Antes da partida.</p> <p>IMPORTANTE: Non podes marchar sen telo entregado na ORI</p>	<p>Deberás presentar na ORI ou a través dos rexistros dous orixinais impresos asinados. Recibirás de volta un asinado pola nosa parte.</p> <p>Non podemos admitir copias escaneadas</p>
Contrato de estudos (Learning Agreement)	<p>Modelo en liña. Tras presentares a aceptación, a ORI creará os contratos en Secretaría Virtual https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/</p> <p>Será creado en maio.</p>	<p>Completares <u>antes da matrícula</u></p> <p>Poderás modificalo durante a estada</p>	<p>Este modelo debe estar asinado por ti e pola persoa responsable de relacións internacionais do teu centro, ademais da universidade de destino. Neste modelo non é precisa a sinatura da ORI.</p> <p>Imprescindible para o recoñecemento das materias</p> <p>Seleccionar as materias coa orientación do/a coordinador/a do centro ou co titor</p>

Se fas cambios ao longo do curso que afecten á túa matrícula na UVigo deberás informar sempre á secretaría do teu centro cando teñas os cambios aprobados

Debes enviar por correo electrónico unha copia ao teu coordinador/a e outra á ORI.

Seguro de Viaxe	<p>http://www.oncampus.es (pódese presentar copia doutra póliza sempre que teña as mesmas ou prestacións superiores)</p>	Antes da partida	<p>Prezo orientativo: 45 € todo o ano (prezo do curso 17-18)</p> <p>Tes que entregar na ORI o comprobante de contratación no que apareza o teu nome.</p> <p>Se o teu destino é Turquía deberás enviar un correo electrónico a informacion@oncampus.es, solicitando o certificado do correo en turco.</p>
------------------------	---	------------------	---

Recibirás unha **credencial** de bolseiro/a. Consérvaa sempre porque servirá para engadir ao teu CV no futuro

CANDO CHEGUES AO TEU DESTINO

<i>Documento</i>	<i>Ligazón</i>	<i>Prazo de entrega</i>	<i>Observacións</i>
Certificado de chegada	<i>Ligazón</i>	7 días dende a chegada ao destino via email.	<p>Cumprimentar a primeira parte do documento e facelo asinar e selar pola oficina de relacións internacionais da universidade de destino. Enviar unha copia por correo electrónico a: ori5@uvigo.es</p> <p>A data de inicio será o primeiro día que o/a estudante deba estar presente na universidade de destino (data de inicio do curso, data do primeiro día de acto de benvida ou curso de lingua antes do inicio) <u>Conserva o documento orixinal xa que terás que entregalo ao final da estadía.</u></p>
Modificacións no Learning agreement (no seu caso)	A través da Secretaría Virtual	1 mes dende a chegada ao destino	Deberás pedir autorización á persoa responsable de relacións internacionais do teu centro para que o poña de novo en preparación xa que de non ser así non poderás modificalo. Se os cambios afectan á túa matrícula, contacta coa Secretaría do teu centro.
Learning agreement (versión final)		1 mes dende a chegada ao destino	O contrato de estudos definitivo con todas as sinaturas ten que ser conservado na Universidade de Vigo. Envía copia á persoa responsable de relacións internacionais e á ORI.

AO REGRESO Á UNIVERSIDADE DE VIGO

<i>Documento</i>		<i>Prazo de entrega</i>	<i>Observacións</i>
Certificación académica	A remitirá a universidade de destino.	Depende da universidade de destino	Se a recibes ti, deberás presentarlle ao/á responsable de relacións internacionais do teu centro.
Certificado de estadía	(o mesmo documento que o de chegada)	1 mes dende a fin da estadía. (a data de sinatura debe ser igual ou posterior á de finalización)	Deberás presentar o documento orixinal coas dúas partes cumprimentadas, sen partes riscadas, sen borranchos e sen corrector. A data de finalización será o derradeiro día no que o/a estudante deba estar presente na universidade de destino (o derradeiro día do período de exames)
Informe do participante de avaliación	Unha vez rematada a estadía recibirás un correo electrónico dende a dirección “replies-will-be-discarded@ec.europa.eu” que contén o informe electrónico.	Tes que cubriro no prazo indicado no propio e-mail.	Recibirás o correo unha vez que presentes na ORI o certificado orixinal de estadía. Se non o recibiches comproba que este non estea na bandexa de spam ou no correo non desexado da túa conta de e-mail.

NO CASO DE RENUNCIAR Á BOLSA

<i>Documento</i>	<i>Ligazón</i>	<i>Prazo de entrega</i>	<i>Observacións</i>
Modelo de renuncia	<i>Ligazón</i>	10 días hábiles dende a publicación da resolución	*Se tes que renunciar cando xa aceptaras a bolsa, deberás comunicárnolo por escrito e devolvemos a credencial e o convenio de subvención se xa os recibiches.

MATRÍCULA

Deberás realizar a matrícula na Universidade de Vigo coma sempre, nos prazos establecidos. Lembra que só se recoñecerán aquelas materias nas que esteas matriculada/o na Universidade de Vigo e que consten no contrato de estudos asinado.

O alumnado ERASMUS + está exento do pagamento da matrícula na universidade de destino, pero normalmente si deben cubrir os impresos de matricula e nalgúns casos aboar as taxas administrativas.

DOCUMENTACIÓN PARA A UNIVERSIDADE DE DESTINO

Unha vez publicada a resolución reitoral de concesión das bolsas Erasmus+, desde a ORI comunicamos formalmente ás universidades de destino os datos dos/as estudantes Erasmus seleccionados/as para que teñan constancia oficial do proceso de selección efectuado.

A partir dese momento é responsabilidade túa o envío da documentación que che solicite a universidade de destino. Se non recibes información da universidade de destino, búscala na súa páxina web.

IMPORTANTE: Non serás considerado Erasmus ata que a universidade de destino te acepte. Respecta os prazos que che marquen.

Normalmente terás que enviar á universidade de destino:

- Application Form (formulario de solicitude)
- Housing application (impreso de aloxamento)
- Learning agreement (contrato de estudos)
- Transcript of records (certificación académica, solicítala na secretaría do teu centro, se é necesario en inglés, indicando que es estudante Erasmus)

Nos formularios de solicitude poden pedirche a seguinte información:

Erasmus Institutional Coordinator

Name: Amelia Rodríguez Piña

Phone: +34 986 550

Fax: +34 986 813 819

E-mail: ori@uvigo.es

Erasmus Code: E VIGO01

Departmental Coordinator

Trátase da persoa responsable de relacións internacionais do teu centro.

Poden atopar os seus datos no seguinte enlace:

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/ori/responsables.html

AXUDAS ECONÓMICAS

BOLSA MECD

A bolsa Erasmus+ Estudos é compatible coa “bolsa de carácter xeral e de mobilidade para estudos universitarios” do Ministerio de Educación. Polo tanto, se normalmente a solicitas ou poderás facelo para o curso no que gozarás da bolsa, solicítala nos prazos establecidos.

BOLSA ERASMUS+

A súa contía varía en función do país de destino de acordo coa táboa que se inclúe neste apartado. O pagamento das axudas farase en función da estadía real xustificada no certificado de fin de estadía. Só poderán pagarse se o/a estudante achega a documentación solicitada. O período de estadía computarase por meses enteiros. No caso de meses incompletos a axuda financeira calcularase multiplicando o número de días do mes incompleto por 1/30 da axuda mensual.

O Ministerio de Educación establecerá o máximo de meses financiados (7 meses no curso 17-18 como exemplo).

O pagamento farase en dous prazos. O primeiro (por un 80% da bolsa) aos 30 días da chegada ao destino sempre tralo envío do documento de chegada escaneado e sempre que o beneficiario/a teña presentada toda a documentación que se require no apartado “antes da partida” e teña realizada a proba OLS inicial.

O segundo pagamento realizarase ao final do curso académico unha vez:

- Presentado na ORI o documento orixinal de fin de estadía.
- Realizada a 2ª proba OLS.
- Cumprimentado o Informe en liña do estudante

GRUPOS PAISES DOTACION (*)		
GRUPO 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido e Suecia	300,00 €
GRUPO 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal	250,00 €
GRUPO 3	Antiga República Iugoslava de Macedonia, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Romanía e Turquía	200,00 €

Estas contías incrementaranse en 200 €/mes financiado no caso de estudantes que foran beneficiarios dunha bolsa MECD do Sistema Xeral no curso 2017-18.

AXUDAS POR NECESIDADES ESPECIAIS

O SEPIE convocará axudas para estudantes con necesidades especiais. Cando se publique a convocatoria de 2018 seredes informados.

Poderán solicitálas os/as estudantes que teñan unha certificación de minusvalía igual ou superior a un 33 %. Deberedes presentarnos copia desta certificación.

Existe un espazo específico na páxina web do SEPIE dedicado a Necesidades Especiais: http://www.sepie.es/necesidades_especiales.html

AXUDA COMPLEMENTARIA DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia publica unha convocatoria anual de axudas complementarias ao programa Erasmus+, compatible coas anteriores. Esta convocatoria publícase cando o alumnado xa está fora (para os bolseiros do curso 2017-18 publicouse no DOG do 2 de xaneiro 2018). A axuda varía en función da duración da estadía e a nota media do expediente académico.

Quedan excluídos desta convocatoria os estudantes de máster e etapa de tese e aqueles que xa recibisen esta axuda en anteriores convocatorias.

Dende a ORI enviaremos por correo electrónico a convocatoria cando sexa publicada no caso de que se convoque.

IMPORTANTE: A solicitude tramitárase en liña unicamente polo que para poder facelo deberás solicitar a chave 365 antes de marchar: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>.

OUTRAS AXUDAS COMPLEMENTARIAS

Noutros cursos, tanto a Deputación de Pontevedra como a de Ourense asinaron convenios coa Universidade de Vigo para conceder axudas complementarias. Se se renovan, informáremosvos por correo electrónico.

O mesmo sucede co Centro Comercial Gran Vía. O curso pasado concederon 3 axudas de 1000 euros aos tres mellores expedientes.

INFORMACIÓN DE INTERESE

ALOXAMENTO NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

As universidades de destino teñen o compromiso de facilitar axuda para atopar aloxamento. Nalgúns cidades pode ser difícil atopalo. Cumpre cos prazos que che indiquen para enviar os formularios de reserva de aloxamento, se os hai. Canto antes o fagas, máis posibilidades terás de ter reserva de praza.

Por outra banda, se durante a túa estadía no estranxeiro queres que un estudante de intercambio que veña a estudar na UVigo se aloxe na túa habitación para manter o aluguer do piso, por exemplo, contacta con ESN (Erasmus Student Network) na Universidade de Vigo.

VIAXE

A/o estudante é quen se encarga de mercar o billete de avión, etc. e efectuar todas as xestións necesarias para chegar á universidade de destino.

Non deberás xustificar a viaxe, non é necesaria a presentación de billetes de avión, etc. para o cobro das bolsas.

VISADO

En principio só necesitarás visado para viaxar a Turquía.

A tramitación do visado é responsabilidade túa. Lembra que tes que tramitalo polo menos con dous meses de antelación.

Na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores poderás atopar información útil (<http://www.mae.es>).

IMPORTANTE: Os estudantes residentes en España con outra nacionalidade deberán asegurarse das condicións para obter o visado e poder realizar a súa estadía.

SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA

O Seguro Escolar non cubre a túa estadía no estranxeiro polo que deberás realizar os trámites necesarios para ter as garantías de asistencia sanitaria:

-Se vas a un país comunitario e estás suxeito ao réxime xeral da Seguridade Social:

Deberás solicitar na Seguridade Social a Tarxeta Sanitaria Europea coa que terás cobertura médica no país de destino durante a túa estadía. Na Seguridade Social recibirás información sobre esta tarxeta. Pode ser que che pidan un certificado coas datas exactas da túa estadía. Neste caso ponte en contacto coa ORI.

-Se vas a un país non comunitario:

Deberás facer un seguro privado.

-Se non estás suxeito ao réxime da Seguridade Social:

Deberás informarte no teu respectivo seguro sobre o modo de poder recibir asistencia médica no estranxeiro.

-Todos os estudantes deberedes contratar un seguro de accidentes que inclúa responsabilidade civil e repatriación. Ofrecemos a posibilidade de contratar un seguro a través da plataforma <http://www.oncampus.es>. A contratación poderá facerse a partir do mes de xuño. Avisarémovos. Podedes contratar un seguro diferente sempre que ofrezca como mínimo as mesmas prestacións. A Universidade de Vigo solicitaravos que acreditedes a tramitación do seguro de viaxe antes da vosa partida.

Se o teu destino é Turquía, debes escribir un correo electrónico á compañía de seguros Oncampus (informacion@oncampus.es) solicitando que che expidan o certificado do seguro en idioma turco. Aqueles alumnos que non dispoñan dese certificado arríscanse á imposición dunha multa.

PREPARACIÓN LINGÜÍSTICA

CENTRO DE LINGUAS DA UVIGO

O Centro de Linguas organiza cursos intensivos de idiomas nos tres campus da Universidade de Vigo. Podes consultar a oferta no seguinte enlace:

<http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es/>

Cando fagas a matrícula no CDL menciona a túa calidade de Alumno Erasmus, xa que hai cursos que teñen prezos especiais para os estudantes Erasmus.

NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

Moitas universidades organizan cursos da lingua do seu país para estudantes de intercambio ao comezo do curso académico. Podes buscar información na súa páxina web.

OLS (Online Linguistic Support):

O programa Erasmus + avaliará os coñecementos lingüísticos dos estudantes antes e despois da estadía.

Todos/as os/as seleccionados/as teredes que facer unha proba antes do inicio da estadía e ao finalizala da lingua que empregaredes como lingua de estudo. Ambas probas son obrigatorias para a bolsa Erasmus +.

Teredes a posibilidade de facer un curso en liña de idioma, opcional non obrigatorio. Informarásenos do procedemento por correo electrónico.

UTILIDADES

Embaixadas e consulados

<http://www.mae.es>

Aloxamento:

http://www.erasmusworld.com/portal/index.php?sel_lang=spanish

<https://erasmusu.com/es>

Viaxes:

http://europa.eu/eu-life/travel-tourism/index_es.htm

<http://www.guiamundialdeviajes.com>

<http://www.inter-rail.org/>

<https://www.flixbus.es>

Envío de documentación:

A empresa Mail Boxes ETC ofrece un servizo de envío de paquetes e documentación a Europa e ao resto do mundo. www.mbc.es

Mail Boxes Etc. 185 (ACC GALAICO SL)

C/ Joaquin Loriga, 2 - Bajo. 36203 Vigo - Pontevedra

Mail: mbe185@mbe.es Fax: 986 37 48 12 Tlf: 986 37 48 87

Carné de estudante internacional (ISIC):

Permítelles ás/aos estudantes identificarse e obter descontos e vantaxes en transportes, aloxamentos e espectáculos

<http://www.isic.es/estudiante/>

Asociacións de estudantes:

AEGEE (Association des Etats Généraux des Etudiants de l'Europe): <http://www.aegEE.org>

ESN (ERASMUS Students Network): <https://esn.org/studentguidebook>

ESIB (The National Unions of Students in Europe): <http://www.esib.org>

AIESEC: <http://www.aiesec.org>

BEST (Board of European Students of Technology): <http://www.best.eu.org>

IAESTE (International Association for the Exchange of Students for Technical Experience :

<http://www.iaeste.org/>

ESTIEM (Organisation of European Students of Industrial Engineering and Management):

<http://www.estiem.org>

Bases de datos e fontes de información:

Información para prácticas no estranxeiro <http://www.iagora.com>